

PROCEDEMENTO: Contratación en réxime de coprodución de un espectáculo de danza para compañías ou profesionais emerxentes

ASUNTO: Resolución pola que se adxudica unha coprodución de danza e artes do movemento

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 28 de abril de 2023 publícase a Resolucións do 25 de abril do 2023, da Axencia Galega das Industrias Culturais, polas que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, de un espectáculo de danza en calquera das súas modalidades, para compañías ou profesionais emerxentes, no ano 2023.

2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 18 de maio de 2023, procédese á avaliación das solicitudes recibidas, relacionadas no **Anexo I**, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

3. Como resultado da xestión de comprobación, establécese que o expediente que se relaciona no **Anexo II** desiste do procedemento.

4. Con data 26 de xuño de 2023 réunese a comisión de valoración, creada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Por acordo do Consello Reitor, de 24 de xullo de 2012, publicado no DOG Núm. 164 de 29 de agosto de 2012, deléganse na persoa titular da Dirección da Agadic as competencias que como órgano de contratación corresponden ao Consello Reitor.

2. En data 25 de abril asinouse memoria aprobando o gasto correspondente ao programa de coprodución de tres espectáculos de danza e artes do movemento en calquera das súas modalidades, un deles reservado para compañías ou profesionais emerxentes, no ano 2023, por importe de 54.447 euros contabilizándose o documento contable A con cargo á aplicación orzamentaria 2023.10.A1 432B 640.1 dos Orzamentos xerais da Agadic para as anualidades 2023 e 2024 (código de proxecto 2015 00002).

As bases da convocatoria pública establecen que os contratos a subscribir coas entidades adjudicatarias terán unha duración de doce meses dende a súa sinatura, polo que o a distribución do gasto farase en dúas anualidades, sendo a seguinte:

|                 |             |
|-----------------|-------------|
| Anualidade 2023 | 18.149,00 € |
| Anualidade 2024 | 36.298,00 € |



3. O día 26 de xuño de 2023, a Comisión de valoración réunese para avaliar as solicitudes admitidas ao procedemento de selección. Rematada esta reunión, a Comisión de valoración remite o Acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación definidos no punto número 7 das bases reguladoras do procedemento de selección. Esta relación coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser adxudicatarias e reflíctese no **Anexo IV**.

4. A distribución dos créditos entre a entidade susceptible de ser adxudicataria realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no punto 9 das bases da convocatoria e ao importe solicitado polos interesados, dando lugar ao **Anexo V** que reflicte as entidade susceptible de ser adxudicataria co importe asignado (IVE excluído).

Polo exposto, e de acordo coas facultades que teño atribuídas

## RESOLVO

1. Desestimar a solicitude que figura no **Anexo II**.
2. Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
3. Adxudicar unha coprodución, polo importe que se expresa, á entidade solicitante que se relaciona no **Anexo V**.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital  
O director da Axencia Galega das Industrias Culturais  
Jacobo Sutil Nesta



## ANEXO I

## SOLICITUDES RECIBIDAS

| N.º EXPEDIENTE | SOLICITANTE                            | NIF      | NOME DO PROXECTO               |
|----------------|--|----------|--------------------------------|
| 4              | M <sup>a</sup> Elvira Balboa Rodríguez | ***316** | Anõa                           |
| 5              | Myriam González Sánchez                | ***260** | E difícil fotografar o baleiro |
| 6              | Daniel Rodríguez Fernández             | ***821** | Transeunte                     |
| 7              | Cali Danza S.L.                        | ***561** | Donas                          |



**ANEXO II. SOLICITUDE DESISTIDA**

| N.º<br>EXPEDIEN<br>TE | SOLICITANTE     | NIF      | NOME DO PROXECTO | CAUSA  |
|-----------------------|-----------------|----------|------------------|--|
| 7                     | Cali Danza S.L. | ***561** | Donas            | Desistida por non<br>emendar.<br>Artigo 3 da<br>convocatoria |



## ANEXO III

## SOLICITUDES PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

| N.º EXPEDIENTE | SOLICITANTE                            | NIF      | NOME DO PROXECTO               |
|----------------|--|----------|--------------------------------|
| 4              | M <sup>a</sup> Elvira Balboa Rodríguez | ***316** | Anõa                           |
| 5              | Myriam González Sánchez                | ***260** | E difícil fotografar o baleiro |
| 6              | Daniel Rodríguez Fernández             | ***821** | Transeunte                     |



## ANEXO IV

## SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

| N.º expediente | Entidade<br>Compañía emerxente | NIF      | Nome do proxecto               | Puntuación<br>criterios<br>automáticos | Puntuación<br>criterios<br>técnicos | Puntuación<br>total |
|----------------|--------------------------------|----------|--------------------------------|--|-------------------------------------|---------------------|
| 4              | Mª Elvira Balboa Rodríguez     | ***316** | Anöa                           | <b>21,00</b>                           | <b>23,30</b>                        | <b>44,30</b>        |
| 5              | Myriam González Sánchez        | ***260** | E difícil fotografar o baleiro | <b>20,10</b>                           | <b>19,20</b>                        | <b>39,30</b>        |
| 6              | Daniel Rodríguez<br>Fernández  | ***821** | Transeunte                     | <b>19,10</b>                           | <b>15,60</b>                        | <b>34,70</b>        |



## ANEXO V

## ENTIDADES ADXUDICATARIAS E IMPORTES (IVE excluído)

| N.º<br>EXPEDIE<br>NTE | Entidade<br>Compañía emerxente | NIF      | NOME DO<br>PROXECTO | CONTÍA<br>SOLICITAD<br>A | CONTÍA PROPOSTA     |                     |
|-----------------------|--------------------------------|----------|---------------------|--------------------------|---------------------|---------------------|
|                       |                                |          |                     |                          | ANUALIDA<br>DE 2023 | ANUALID<br>ADE 2024 |
| 4                     | Mª Elvira Balboa<br>Rodríguez  | ***316** | Anöa                | 14.903,70 €              | 4.967,90 €          | 9.935,80 €          |

